



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Provisión dun posto de traballo de persoal laboral fixo discontinuo a xornada parcial para profesor de conservatorio na especialidade de percusión

ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO DISCONTÍNUO (1de setembro a 30 de xuño) A XORNADA PARCIAL (18 horas/semana) PARA PROFESOR DE CONSERVATORIO NA ESPECIALIDADE DE PERCUSIÓN .

A Xunta de Goberno Local do Concello de Arzúa con data 17/06/2026 aprobou a convocatoria e bases seguintes:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO DISCONTÍNUO A XORNADA PARCIAL DO GRUPO I POR OPOSICIÓN LIBRE.- DENOMINACIÓN DO POSTO: PROFESOR DE CONSERVATORIO NA MODALIDADE/ESPECIALIDADE DE PERCUSIÓN.// EXPEDIENTE: 2026/E001/000009

1ª.- OBXECTO.

O obxecto da presente convocatoria é a selección para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo discontinuo (1 de setembro a 30 de xuño) a tempo parcial (18 horas/semana) do Grupo I coa denominación de PROFESOR DE CONSERVATORIO NA MODALIDADE/ESPECIALIDADE DE PERCUSIÓN.

Dita praza está dotada no Cadro de Persoal do Concello de Arzúa coas retribucións correspondentes que figuran previstas no orzamento do Concello e na relación de postos de traballo.

2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de oposición libre garantindo os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

3ª.- FUNCIÓNS DO POSTO.

Segundo a RPT do concello:

- Docencia da materia asignada.
- Atención tanto persoal como telefónica aos usuarios, pais e nais dos alumnos.
- Control do material.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

As características do posto de traballo segundo o disposto na Relación de Postos de Traballo son as seguintes:

Código: 7012.

Denominación do posto: PROFESOR CONSERVATORIO

Servizo: CULTURA

Área.:CULTURA E DEPORTES

Unidade: CONSERVATORIO

4ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas que desexen participar no presente proceso selectivo deberán contar cos seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico del Empleado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, dalgún dos seguintes títulos:
- Título de profesor superior que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música.
 - Título superior de música regulado pola Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
 - Título superior de música regulado pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- No caso de que estes títulos se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación segundo o Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro (BOE do 4 de marzo), ou o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE do Consello das Comunidades Europeas do 21 de decembro de 1988.
- d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Contar coa capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- f) Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido posteriormente.

*Todos os requisitos enumerados deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

5ª.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As persoas que desexen tomar parte do procedemento selectivo desta praza presentarán:

Solicitud no modelo oficial, que figura no Anexo I a estas bases, e acompañadas do orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos:

- a) D.N.I ou documento equivalente.
- b) Documentación acreditativa de cumprimento requisitos participación: Título oficial esixido para o ingreso, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse o documento que acredite a súa homologación ou equivalencia expedida polo organismo competente).
- c) CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da proba da oposición de galego.
- d) De ser o caso, certificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedida pola administración correspondente e certificación acreditativa da súa compatibilidade co posto de traballo.
- e) Programación didáctica da especialidade de Percusión para o grao elemental e o grao profesional dos estudos oficiais de música segundo a normativa vixente.
- f) Declaración responsable segundo o modelo que se insire nas bases que rexen este procedemento como Anexo II.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

As solicitudes dirixiranse o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal, e presentaranse na forma que se indicará posteriormente, no prazo de VINTE (20) días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no BOE.

Previamente, o texto íntegro das presentes bases será publicado no BOP de A Coruña, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa <https://sede.concellodearzua.com>, e publicarase tamén un anuncio da convocatoria no DOGA.

Forma de presentar as solicitudes: En previsión do establecido no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao alcalde do Concello de Arzúa e presentaranse, debidamente cubertas, nalgunha das seguintes formas:

- a) Na Oficina de Rexistro do Concello de Arzúa, situada no número 2 da rúa Santiago, 15810, Arzúa (A Coruña).
- b) Nas oficinas de correos, na forma que se estableza regulamentariamente.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) A través da sede electrónica do Concello de Arzúa.

No caso de achegar a documentación indicada a través das formas previstas nos apartados a), b) e c), só se admitirá a mesma en formato orixinal, copia compulsada, copia compulsada dixitalmente ou copia auténtica ou documento asinado dixitalmente que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

No caso de achegar dita documentación a través da forma prevista na base apartado d), admitirase a documentación sempre que a instancia (Anexo I) e declaracións responsables veñan debidamente asinadas polo aspirante mediante sinatura electrónica e o resto da documentación se acredite mediante a achega de copia auténtica, documento electrónico orixinal ou que conteñan un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

As/os aspirantes que presenten copias auténticas deberán facelo cos requisitos e conforme á regulación establecida no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para ser admitidas nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, conforme ao previsto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xenerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude aínda que os erros de feito que se poidan advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

6ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa, <https://sede.concellodearzua.com>

Se houbera aspirantes excluídos, indicárase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada de xeito automático a definitiva, sen necesidade de nova publicación

Nesta resolución definitiva, o Alcalde declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, determinará a composición do Tribunal e a data de comezo do procedemento selectivo, con indicación do lugar, data e hora á que teñen que presentarse os candidatos para a realización do primeiro exercicio da oposición; resolución que será obxecto de publicación no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa <https://sede.concellodearzua.com>.

Entre a publicación desta listaxe definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán a lo menos dez (10) días hábiles.

Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicaranse no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica <https://sede.concellodearzua.com>.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo ao nomeamento correspondente.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contenciosa-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde, publicándose a súa composición coa lista definitiva das persoas admitidas e excluídas ao presente proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2o do Real decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

A solicitude de recusación poderase presentar de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Arzúa.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, alo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada ante o sr. Alcalde, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Arzúa. Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Arzúa, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interporse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos/as aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse o tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas, anunciarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa <https://sede.concellodearzua.com>, xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva das persoas admitidas e excluídas segundo se sinala nas presentes bases.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os/as opositores/as que non comparezan cando se realice.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais axeitados e necesarios para a práctica dos exercicios.

8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

Os interesados/as presentaranse no lugar, día e hora fixados no intre da publicación da relación de admitidas/os e excluídas/os, aos efectos de levar a cabo os exercicios e probas obrigatorias das que consta a fase de oposición. Practicarase un chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

A orde de actuación das persoas opositoras, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "M" consonte á Resolución de 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Se en calquera momento do proceso selectivo chega ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois dunha audiencia coa persoa interesada, deberáselle propoñer ao alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

O proceso selectivo constará das seguintes fases:

- a) Proba de coñecemento da lingua galega, no caso de ser necesaria.
- b) Fase de oposición.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de apto ou non apto. Consistirá nunha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.

A fase de oposición constará dunha proba dividida nas seguintes partes e exercicios que non terán carácter eliminatorio.

Parte teórica:

- a) Temario común.
- b) Temario específico.

Parte práctica:

- c) Programación didáctica.
- d) Interpretación instrumental.
- e) Lectura a primeira vista.

A parte teórica da proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos xerais do funcionamento das Administracións públicas e dos coñecementos específicos da especialidade docente á que se opta. A parte práctica da proba

terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica de cada aspirante e o seu dominio da técnica instrumental e da capacidade interpretativa necesarias para o exercicio docente.

A cualificación de cada un dos exercicios da proba será de 0 a 2 puntos, polo que a parte teórica comprenderá un 40% da puntuación final e a parte práctica un 60% da mesma.

O temario común que aparece recollido no Anexo III destas bases será avaliado mediante un cuestionario tipo test de 100 preguntas con catro respostas alternativas. Cada resposta errónea penalizarase cun cuarto do valor dunha resposta acertada. A puntuación final deste exercicio que será dun máximo de 2 puntos, resultará de aplicar a seguinte fórmula, onde A é o número de preguntas avaliadas acertadas e E o número de preguntas avaliadas erradas:

$$\text{Puntuación} = 0,02 \times [A - (E/4)]$$

O temario específico da especialidade que aparece recollido no Anexo IV destas bases será avaliado mediante o desenvolvemento por escrito, nun tempo máximo de 1 hora, dun tema elixido polo aspirante de entre 5 temas extraídos ao azar polo tribunal. A continuación, o aspirante deberá de proceder a lectura e defensa do tema diante do tribunal por un espazo de tempo non superior a 30 minutos. O tribunal poderá formular cantas cuestións estime relacionadas co exposto pola persoa aspirante a fin de aclarar ou concretar algún aspecto. A cualificación deste exercicio será dun máximo de 2 puntos.

A cualificación da primeira parte teórica da proba desta fase de oposición será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa nunha lista dos aspirantes presentados coa cualificación obtida, por orde alfabética e de puntuación decrecente. Nesta mesma publicación darase coñecemento das citacións individuais para a realización da segunda parte práctica da proba.

Os aspirantes disporán de dous días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación das cualificacións da primeira parte teórica da proba, para presentar ao tribunal a correspondente reclamación, no lugar e a forma que se determine na acta publicada. As reclamacións serán resoltas polo tribunal dándose coñecemento aos interesados cunha motivación sucinta sobre a súa estimación ou desestimación.

A avaliación da programación didáctica será realizada polo tribunal. O documento terá que ser presentando xunto coa instancia de participación neste procedemento selectivo recollida no Anexo I destas bases. A cualificación deste exercicio será dun máximo de 2 puntos.

O exercicio de interpretación instrumental consistirá na presentación e execución práctica dun programa elixido libremente pola persoa aspirante que inclúa, polo menos, obras ou estudos de tres épocas ou estilos diferentes por un tempo máximo de 20 minutos. Para estes efectos, aceptaranse movementos independentes das obras. Todas as obras deberán ser publicadas. O aspirante proporcionará ao tribunal, para esta parte, catro copias do programa presentado. É responsabilidade do aspirante chegar o acompañamento.

O tribunal valorará a dificultade técnica, a destreza na execución e a calidade interpretativa, diversidade e interese do programa presentado. A cualificación deste exercicio será dun máximo de 2 puntos.

Para avaliar a lectura a primeira vista, a persoa aspirante disporá dun tempo máximo de 5 minutos para estudar e analizar a partitura que nese momento lle entregue o tribunal sin que se poida tocar o instrumento. Si a partitura necesita dunha comprobación previa da afinación ou da colocación do instrumento, ese tempo non computará dentro dos 5 minutos de preparación do repertorio, e a persoa aspirante poderá proceder a afinar ou colocar o instrumento antes da interpretación. A cualificación deste exercicio será dun máximo de 2 puntos.

A cualificación desta segunda parte práctica da proba da fase de oposición será publicada no taboleiro da sede electrónica do Concello de Arzúa nunha lista dos aspirantes presentados coa cualificación obtida, por orde alfabética e de puntuación decrecente.

Os aspirantes disporán de dous días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación das cualificacións da segunda parte práctica da proba, para presentar ao tribunal a correspondente reclamación, no lugar e a forma que se determine na acta publicada. As reclamacións serán resoltas polo tribunal dándose coñecemento aos interesados cunha motivación sucinta sobre a súa estimación ou desestimación.

9ª.- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún/ ha dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Se algún/unha aspirante quere ter acceso ao seu expediente ou exercicios, deberá solicitalo por escrito e notificaráse-lle por escrito o día e hora en que poderá velo.

A solicitude de acceso ao expediente ou exercicios poderase presentar electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Arzúa. Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Arzúa, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, as persoas colaboradoras designadas por este e os/as opositores/as, agás a lectura polos/as opositores/as dos exercicios escritos, que se realizarán en sesión pública.

Neste caso, o/a aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto e polo tanto eliminado do proceso selectivo.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización dos exercicios, salvo en aqueles que pola súa natureza non sexa posible realizar de forma anónima. Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse o anonimato, os/as aspirantes non poderán realizar ningún sinal identificativo nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminados do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio. Esta circunstancia acordarase polo tribunal cualificador e anunciarase xunto coas cualificacións do exercicio correspondente.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 20 días hábiles.

A documentación relativa aos exercicios realizados de forma escrita en soporte papel polos/as opositores/as será dixitalizada, incorporada ao expediente electrónico e asinada electronicamente pola secretaría do Tribunal. Transcorrido o prazo de tres meses dende que a resolución de nomeamento dos/as aspirantes aprobados é firme en vía administrativa poderase proceder a destrución destes documentos en papel. Durante o prazo sinalado calquera dos aspirantes poderá solicitar que se lle entreguen os seus propios exercicios en papel, sen prexuízo do dereito a obter copia da mesma documentación dixitalizada, de conformidade coa lexislación reguladora do procedemento administrativo.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10ª.- CALIFICACIÓN FINAL, PUBLICACIÓN E LISTA DE EMPREGO

A cualificación correspondente á fase de oposición será a suma de todas as puntuacións obtidas nos dous exercicios da parte teórica e nos tres exercicios da parte práctica integrantes desta fase.

Concluída a fase de oposición, o tribunal deberá publicar na sede electrónica do Concello de Arzúa a lista das persoas aspirantes que a realizaron, con expresión da cualificación obtida en cada un dos exercicios e a cualificación global desta fase, ordenados por puntuación decrecente, superando a oposición aqueles aspirantes que obtivesen un mínimo de 5 puntos na cualificación global.

Publicarase tamén unha relación dos aspirantes que superaron a fase de oposición por obter un mínimo de 5 puntos na cualificación global. Esta publicación incluírá a proposta de nomeamento do aspirante que obtivera a maior puntuación final.

Os aspirantes que queden sen praza e superen a oposición pasarán a formar parte dunha lista de agarda para a especialidade convocada, sempre e cando reúnan os requisitos de titulación esixibles para formar parte da mesma. As persoas integrantes desta lista de emprego poderán permanecer na mesma durante un período de 5 anos a efectos de ser chamados para incorporarse ao posto por períodos de baixa, vacacións do titular permisos ou circunstancias similares do mesmo; ou para atender a acumulación de tarefas, ou servizos estacionais urxentes que non poidan prestarse co persoal existente.

O procedemento específico para o chamamento nestes casos, será o seguinte:

a) Informe do/a xefe/a de servizo ou sección ou do/a concelleiro/a do área, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

b) Informes xurídico de Secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de Intervención.

c) Resolución da Alcaldía acordando o nomeamento/contratación do/a candidato/a que ocupe o primeiro lugar da lista, agás que renuncie ou non conteste, suposto no que se nomeará/contratará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

d) Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes figuran na lista de substitución, a través de SMS, correo electrónico ou chamada telefónica, entre as 09:00 h e as 14:00 h do seguinte día hábil posterior a que

se dite a Resolución da Alcaldía que acorde o nomeamento do/a candidato/a, deixando constancia fidedigna de cada chamamento.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico).

Se algún/algunha candidato/a non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que se durante esa xornada a persoa coa que non se deu contacto se pon en contacto co Concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final do listado.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12:00 h do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

A incorporación ao traballo, deberá producirse no prazo que se indique na comunicación. A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no concello.

e) Formalización do correspondente contrato no suposto concreto que sexa procedente.

As persoas integrantes das listas estrarán nalgunha das seguintes situacións:

- **Activo:** cando a persoa aspirante estea contratado para o posto que lle fora ofertado.
- **Dispoñible:** cando a persoa aspirante estea á espera de recibir unha oferta de contratación temporal.
- **En suspensión:** cando a persoa aspirante rexeite un nomeamento por causa xustificada e debidamente acreditada.

Esta situación implica a suspensión dos chamamentos e permite manter o número de orde na lista. Prolongarase durante o tempo que se manteña a causa que a motiva e haberá de acreditarse documentalmente, tanto ao inicio como á finalización, no prazo de cinco días hábiles. O incumprimento da obriga de comunicación neste prazo implica a exclusión da lista.

Considéranse causas xustificadas para pasar á situación de suspensión as seguintes:

- Enfermidade ou accidente que incapacite temporalmente para o traballo, incluíndo a incapacidade temporal por risco durante o embarazo. O parte de baixa haberá ter data anterior ao día do chamamento.
- Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal co límite temporal equivalente ao permiso/licenza.
- O desempeño de servizos, no momento de ser chamado, en calquera administración pública.
- Relación laboral cunha empresa, formalizada mediante contrato laboral rexistrado no correspondente Servizo Público de Emprego.
- Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
- Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditado mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso.
- Coidado directo de menores ou persoas dependentes ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razón de idade, enfermidade ou accidente non se poidan valer por si mesmos, sempre que se acredite a convivencia coas ditas persoas.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar será causa de expulsión da bolsa de emprego.

11º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Previamente á sinatura do correspondente contrato, o aspirante proposto deberá de achegar ao departamento de Secretaría do Concello de Arzúa, no prazo de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, a seguinte documentación:

— Certificado médico oficial sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.

— Para cidadáns con nacionalidade española: declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das Comunidades autónomas, nin de encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpo ou escala de funcionario ao que pertence a praza. E no caso de cidadáns con nacionalidade distinta da española: declaración xurada de non encontrarse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin

sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado da súa nacionalidade, nos mesmos termos o acceso ao emprego público que no Estado español.

— Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades, do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

— Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.

— Certificado da conta bancaria.

— Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

— Certificado de delitos de natureza sexual expedido polo Rexistro Central de Delincentes Sexuais que acredite expresamente que non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos o/a aspirante poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

No caso de non presentarse a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado/a nin contratado/a como persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.

Se dentro do prazo indicado o/a aspirante proposto/a non presentase a documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a nin contratado/a, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade.

12º.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no presente proceso selectivo convocado.

13º.- INCIDENCIAS.

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

14º.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da provincia da Coruña, DOG e BOE; no taboleiro de anuncios do concello; e na sede electrónica da web municipal cando así o requira a tramitación do procedemento.

Por aplicación do principio de especialidade, os datos persoais que poderán ser obxecto de publicación son o nome, apelidos e o número de DNI ou documento equivalente.

15ª.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado; e demais disposicións que resulten de aplicación.

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

APELIDOS E NOME:
DNI/PASAPORTE
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:
Rúa, avenida, praza ou lugar:
Número Escaleira Andar Porta
Código postal: Municipio
Provincia
Correo electrónico
Teléfono
PERSOA CON DISCAPACIDADE?
NON
Si. Grao de discapacidade %. Neste caso indíquese si precisa adaptación das probas:
Non. Si. Neste caso describa en documento adxunto as adaptacións que solicita.

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no BOP de A Coruña número.....de data...../...../....., dunha praza de profesor de conservatorio na modalidade de percusión, como persoal laboral fixo discontinuo a xoranda parcial do Grupo I do Concello de Arzúa.

1º) **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º) **DECLARO**, que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos necesarios para participar nos procesos selectivos convocados polas administracións públicas e os sinalados nas bases que rexen este procedemento.

3º) Declaro que estou en posesión do CELGA 4

SI NON

4º) **ACHEGO** orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos (marcar cun x o que corresponda):

- DNI ou documento equivalente.
- Documentación acreditativa de cumprimento requisitos participación: Título oficial esixido para o ingreso, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse o documento que acredite a súa homologación ou equivalencia expedida polo organismo competente).
- CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da proba da oposición de galego.
- De ser o caso, certificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedida pola administración correspondente e certificación acreditativa da súa compatibilidade co posto de traballo.
- Programación didáctica da especialidade de Percusión para o grao elemental e o grao profesional dos estudos oficiais de música segundo a normativa vixente.
- Declaración responsable segundo o modelo que se insire nas bases que rexen este procedemento como Anexo II.

En Arzúa, a

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA.

ANEXO-II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./Da

con DNI ,

e enderezo en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

A) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do Técnico de Xestión, obxecto desta convocatoria.

B) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

C) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

En Arzúa, a

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO III- TEMARIO COMÚN**Tema 1**

O Estado: Concepto e elementos. Formas de estado e de goberno. Configuración xurídica e política do Estado español.

Tema 2

A Constitución Española de 1978: Características, estrutura, contido e principios constitucionais. A reforma constitucional.

Tema 3

Os dereitos fundamentais dos cidadáns españois: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Tema 4

A monarquía parlamentaria española. Evolución histórica e regulación actual. Significado da coroa e retribucións. O referendo.

Tema 5

O poder lexislativo. As Cortes Xerais: composición, funcionamento e competencias. O Defensor do Pobo.

Tema 6

O poder executivo. O Goberno e a Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e do seu Presidente.

Tema 7

O poder xudicial. Concepto e organización xudicial. Competencias de xuíces e tribunais.

Tema 8

A organización territorial do Estado. Regulación constitucional das Comunidades Autónomas. Significado xurídico e político. Os Estatutos de Autonomía. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

Tema 9

O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.

Tema 10

O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.

Tema 11

O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellerías: estrutura básica.

Tema 12

O dereito administrativo e a ciencia da administración. Concepto de Administración pública. Personalidade xurídica e capacidade de obrar da Administración pública. A relación xurídico-administrativa.

Tema 13

Principios xerais da actuación administrativa: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A Administración do Estado.

Tema 14

O procedemento administrativo: concepto e fases. Finalización do procedemento. Comunicacións e notificacións.

Tema 15

O acto administrativo: natureza, concepto e clases. O acto presunto: concepto, requisitos e formalización.

Tema 16

Réxime local español. Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e da provincia.

Tema 17

A Administración local: Concepto e entidades que a integran. O municipio: concepto e elementos.

Tema 18

Órganos de goberno e Administración do municipio: composición, competencias e funcionamento.

Tema 19

A función pública local: organización e réxime xurídico. Adquisición e perda da condición de empregado público local. Sistemas de acceso á función pública local.

Tema 20

Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións públicas.

Tema 21

O orzamento municipal: concepto e contido. Normas para a súa aprobación. A Facenda local. Os recursos das Facendas locais: conceptos e clasificación.

Tema 22

O Concello de Arzúa. Termo municipal e organización territorial. A poboación municipal e o padrón de habitantes. Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais.

Tema 23

Convenio colectivo de traballo do persoal laboral do Concello de Arzúa (BOP da Coruña nº. 228 de 27 de novembro de 2014).

Tema 24

A Lei de Prevención de Riscos Laborais: obxecto e conceptos básicos. Principios da acción preventiva. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención. Prevención de riscos laborais na Administración pública.

Tema 25

Igualdade de xénero. Lei Orgánica 3/2007, 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Marco normativo. Obxectivos. Principios. Ámbito de aplicación. Eixes Estratéxicos.

Tema 26

Incompatibilidade laboral. Lei 53/1984, de 23 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas. Decreto 39/1994, de 17 de febreiro, polo que se declara de interese público a actividade realizada nas escolas de música e nos conservatorios de música dependentes dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 181/2006, do 19 de outubro, polo que se declara de interese público a compatibilidade da impartición de ensinanzas de música coa actividade realizada noutro posto do sector público cultural.

Tema 27

As leis e reformas educativas que afectan aos estudos de música nos conservatorios en España. Decreto 2618/1966, de 10 de setembro, sobre Regulamentación xeral dos conservatorios de música (BOE do 24 de outubro).

Tema 28

As leis e reformas educativas que afectan aos estudos de música nos conservatorios en España. Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (BOE do 4 de xullo). Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (BOE do 4 de outubro).

Tema 29

As leis e reformas educativas que afectan aos estudos de música nos conservatorios en España. Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

Tema 30

As leis e reformas educativas que afectan aos estudos de música nos conservatorios en España. Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio).

Tema 31

Organización das ensinanzas non regradas da escola de música. Orde do 11 de marzo de 1993 pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de abril).

Tema 32

Organización das ensinanzas de grao elemental. Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música (DOG do 25 de outubro). Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

Tema 33

Organización das ensinanzas de grao profesional. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (DOG do 31 de outubro). Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de febreiro). Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007 (DOG do 18 de agosto).

Tema 34

Organización e xestión dos conservatorios de música. Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 de xaneiro de 2011). Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 18 de agosto).

Tema 35

Organización didáctica. Deseño curricular. Plan xeral anual de centro. Proxecto educativo de centro. Actividades complementarias e extraescolares. A programación didáctica de aula: competencias básicas, obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Os métodos de traballo. A selección e organización de recursos didácticos. Uso de tempos, espazos e agrupamentos. Titoría. Avaliación do alumnado e do proceso de ensinanza.

ANEXO IV

Temario específico

Tema 1

Historia e evolución dos instrumentos de percusión: orixes e predecesores da percusión moderna.

Tema 2

Os timbais. Descrición das súas características construtivas. Diversos procedementos para a súa afinación. Principios físicos da produción do son nas membranas.

Tema 3

A caixa. Descrición das características construtivas dos distintos tipos. Principios físicos da produción do son nas membranas.

Tema 4

Instrumentos de láminas. Descrición das súas características construtivas. Especificidade dos diversos instrumentos desta familia. Principios físicos da produción do son nas láminas.

Tema 5

Bombo, gongs, campás, diversas modalidades de pratos. Instrumentos de pequena percusión. Instrumentos latinoamericanos.

Tema 6

Os instrumentos constitutivos da batería de jazz. Evolución.

Tema 7

Técnicas de concienciación corporal. Relaxación física e mental, concentración, hábitos posturais, respiración, control e visualización mental, medo escénico.

Tema 8

Aspectos anatómicos, fisiolóxicos e mecánicos máis importantes na relación coa técnica dos instrumentos de percusión. Técnicas corporais aplicadas aos instrumentos de percusión. Control da tensión muscular a través dunha boa postura.

Tema 9

A técnica dos instrumentos de percusión. Principios fundamentais. A técnica básica de timbais. As diferentes técnicas de caixa, redobre e mordentes. Técnica básica de láminas, utilización de dúas, tres e catro baquetas. Técnica básica do bombo, gong, campás, pratos e pequena percusión. Técnicas específicas dos instrumentos latinoamericanos. Técnica específica da batería.

Tema 10

Evolución das diferentes escolas e sistemas pedagóxicos específicos desta familia de instrumentos. Estudo comparativo das concepcións estéticas, teóricas e técnicas das diferentes escolas. Achega ao desenvolvemento da técnica dos grandes instrumentistas e pedagogos a través da historia. A escola española de percusión.

Tema 11

Descrición e estudo comparado dos sistemas metodolóxicos máis importantes de iniciación ao estudo dos instrumentos de percusión. Criterios didácticos para a selección do repertorio nas ensinanzas elementais. Desenvolvemento dunha unidade didáctica dirixida á ensinanza de grado elemental. Orientación do traballo individual do alumno e desenvolvemento da autonomía no estudo.

Tema 12

O proxecto educativo de centro e a programación didáctica nas ensinanzas artísticas elementais e profesionais de música. A guía docente: elaboración, datos descritivos, finalidade, obxectivos e competencias, contidos, metodoloxía e recursos, orientación, avaliación e outras informacións de interese.

Tema 13

Deseño curricular. A programación de aula nos graos elemental e medio. Criterios didácticos para a selección do repertorio nas ensinanzas profesionais. Deseño dunha unidade didáctica dirixida á ensinanza de grado profesional.

Tema 14

A literatura didáctica. Principais métodos de instrumento, coleccións de estudos, exercicios e outros materiais pedagóxicos para a percusión. Valoración da súa utilidade para a aprendizaxe dos distintos aspectos da técnica. Bibliografía especializada relacionada co instrumento e coa súa didáctica.

Tema 15

Criterios didácticos para a selección de repertorio nos estudos de grao elemental e profesional de música na especialidade de percusión. Secuenciación de contidos. Elaboración de rúbricas e outros instrumentos para avaliar o proceso e facer un seguimento continuo.

Tema 16

Principios e criterios sobre a interpretación histórica. O historicismo. Adaptación dos parámetros do son e do fraseo aos diferentes compositores, estilos e xéneros da historia da música.

Tema 17

Os instrumentos de percusión nas diferentes culturas do mundo. Instrumentos de percusión das principais tradicións musicais. Os instrumentos primitivos de percusión. Coñecemento das técnicas destes instrumentos. Posibilidades pedagóxicas que ofrecen.

Tema 18

Características referidas á evolución do estilo, formas, características da escritura instrumental e criterios interpretativos do repertorio para percusión do Renacemento, Barroco e Clasicismo. Características da interpretación deste repertorio e problemas técnicos específicos.

Tema 19

Características referidas á evolución do estilo, formas, características da escritura instrumental e criterios interpretativos do repertorio para percusión do Romanticismo, Post-romanticismo e Impresionismo. Aparición de instrumentos autóctonos nas escolas nacionalistas. Características da interpretación deste repertorio e problemas técnicos específicos.

Tema 20

Características referidas á evolución do estilo, formas, características da escritura instrumental e criterios interpretativos do repertorio para percusión da primeira metade do século XX. Escola de Viena, Bartók, Stravinsky, Varése e outros mestres. Achega dos compositores latinoamericanos. Características da interpretación deste repertorio e problemas técnicos específicos.

Tema 21

A percusión na música contemporánea. Características referidas á evolución do estilo, formas, características da escritura instrumental e criterios interpretativos do repertorio para percusión dende a segunda metade do século XX ata os nosos días. Novos recursos compositivos, formais e de notación. Características da interpretación deste repertorio e problemas técnicos específicos.

Tema 22

A percusión no jazz. A súa influencia na música sinfónica. A batería no pop, no rock e noutros estilos de música popular. Características da interpretación deste repertorio e problemas técnicos e interpretativos específicos. Os cifrados e a improvisación na batería e noutros instrumentos.

Tema 23

A práctica de grupo nas ensinanzas elementais. Programación das actividades colectivas neste nivel: repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos. Desenvolvemento dunha unidade didáctica dirixida a un grupo de alumnos de grao elemental.

Tema 24

A práctica de grupo nas ensinanzas profesionais. Programación das actividades colectivas neste nivel: agrupacións, repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos. Desenvolvemento dunha unidade didáctica dirixida a un grupo de alumnos de grao profesional.

Tema 25

A música de cámara nas ensinanzas profesionais. Aspectos e criterios pedagóxicos en canto á selección de grupos, repertorio básico e métodos de traballo. Programación desta materia: repertorio, análise, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, lectura a primeira vista e outros. Desenvolvemento dunha unidade didáctica dirixida a un grupo de alumnos de música de cámara de grao profesional.

Tema 26

A música de cámara para percusión. Evolución do seu papel e funcións nas distintas formacións camerísticas con percusión. Características do repertorio básico e progresivo para música de cámara con percusión. Obras para percusión soa. Aprendizaxe progresiva do repertorio. Características da interpretación nestas modalidades.

Tema 27

A práctica de grupo no grao profesional. Achega do profesorado de instrumento á práctica da orquestra, banda e dos distintos conxuntos instrumentais integrados no currículo de grao profesional. Desenvolvemento dunha unidade didáctica dirixida á sección de percusión da orquestra.

Tema 28

A percusión na orquestra e na banda. Evolución ao longo das diferentes épocas. Repertorio para orquestra, banda e solista da familia de percusión. Criterios didácticos para a selección e aplicación de repertorio orquestral na aula.

Tema 29

A transcripción: conceptos xerais, antecedentes históricos e criterios sobre a interpretación de transcripcións. Transcripcións do repertorio doutros instrumentos e de diferentes agrupacións instrumentais.

Tema 30

A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, comprensión musical e personalidade artística.

Tema 31

O desenvolvemento do espírito emprendedor: cualidades, habilidades, actitudes e valores que engloba o espírito emprendedor. Competencias emprendedoras, empregabilidade e xestión de proxectos no ámbito musical e cultural.

Tema 32

Métodos de traballo e desenvolvemento da autonomía no estudo. O desenvolvemento da capacidade do alumno para que atope solucións propias das dificultades do texto musical. Estratexias adecuadas. Orientación do traballo individual do alumno para o desenvolvemento da autonomía no estudo.

Tema 33

Principios de improvisación no instrumento: recursos, materiais e procedementos. A improvisación dirixida ou libre. A improvisación nos diferentes estilos históricos e nas linguaxes contemporáneas. A improvisación na didáctica da percusión. Uso de novas linguaxes e notacións na improvisación.

Tema 34

A lectura a primeira vista. Técnicas, estratexias, análise aplicada e métodos. Simplificación ou redución da partitura. Criterios para a selección do material adecuado a cada nivel.

Tema 35

A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Memoria sensorial. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman o estudo do instrumento. Técnicas de memorización.

Tema 36

Interdisciplinabilidade e transdisciplinabilidade nos estudos de percusión. A relación que conforman entre si as diferentes materias do currículo. Interrelación entre a clase de instrumento e as materias teóricas e prácticas que conforman o currículo.

Tema 37

O desenvolvemento de competencias xerais, específicas e transversais. Aplicación na didáctica da interpretación. A análise como ferramenta fundamental para a clase de instrumento. Impartición dunha clase de análise dirixida a un alumno de grao elemental ou profesional, aplicado a unha obra que forme parte do seu repertorio.

Tema 38

A música como patrimonio histórico-artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

Tema 39

As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á interpretación, á ensinanza e ao aprendizaxe do instrumento. Produción dixital de música. Importancia da utilización do software musical e da selección dos recursos de Internet.

Tema 40

O Proceso de Bolonia e o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Características do EEES: estudos superiores e de posgrao; o Crédito Europeo de Transferencia e Acumulación (European Credit Transfer and Accumulation System, ECTS); o Suplemento ao Título; e o Aseguramento da Calidade. Características pedagóxicas: a formación baseada nas competencias, a aprendizaxe autónoma e ao longo de toda a vida. A adaptación e desenvolvemento das Ensinanzas Artísticas Superiores no EEES. Normas de aplicación.

Tema 41

Metodoloxías e técnicas de investigación en música. A investigación performativa. Elección e xustificación das principais fontes primarias de investigación interpretativa do instrumento para o desenvolvemento dun criterio autónomo e artístico. Avaliación e outras informacións de interese. O traballo de investigación musical: características, estrutura e criterios de redacción.

Tema 42

As probas de acceso a conservatorios superiores: normativa aplicable e criterios para o seu desenvolvemento. Coordinación cos conservatorios profesionais. Repertorio, orientación e elección de itinerarios.

Tema 43

Músicas e cultura. Música no contexto das artes e do pensamento estético. Defensa, protección e difusión do patrimonio musical. Patrimonio musical e educación, medios de comunicación e administracións públicas.

Tema 44

Concepto xeral sobre música de cámara. Definición, características e evolución.

Tema 45

A autoaudición e a audición do conxunto na interpretación da música de carácter camerístico.

Tema 46

Os instrumentos de percusión: organoloxía, morfoloxía, características acústicas, principios físicos da produción do son. Principais dificultades técnicas. Resolución dos problemas de equilibrio derivados das diferencias acústicas co resto de instrumentos no repertorio de música de cámara.

Tema 47

O dúo na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 48

O trío na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 49

O cuarteto na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 50

O quinteto na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 51

O sexteto na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 52

O septeto na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 53

O octeto e agrupacións de maior número de intérpretes na historia da música de cámara. Orixe. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental deste repertorio. Criterios interpretativos.

Tema 54

A música de cámara para os instrumentos de percusión ao longo da historia. Evolución técnica e estilística do repertorio.

Tema 55

Aproximación á música contemporánea e aos novos recursos compositivos, formais e de notación. Características da interpretación camerística deste repertorio e problemas específicos.

Tema 56

A grafía musical: a súa evolución e relación co progreso dos instrumentos. A importancia da análise na interpretación do repertorio camerístico: criterios aplicables (estilísticos, harmónicos, formais, estruturais, etc.). Análise e planificación da montaxe dunha obra camerística.

Tema 57

Criterios interpretativos. A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes percusivos, afinación, timbre, ritmo, fraseo e articulación. Agónica e dinámica. A consecución da unidade sonora a través do xesto. Comunicación xestual e a súa didáctica. Principios e criterios sobre a interpretación historicamente informada.

Tema 58

A práctica con agrupacións de banda, coro e orquestra e a concertación dos repertorios bandísticos, corais, orquestrais e sinfónicos.

Tema 59

Estudo das capacidades relacionadas coa comprensión do feito musical ante a banda, orquestra, coro ou conxunto vocal e instrumental: equilibrio sonoro, texturas, planos sonoros. Contrapunto, homofonía e acompañamento a solistas.

Tema 60

Estudo das capacidades relacionadas co acompañamento a solistas instrumentais e a resposta da banda, orquestra ou conxunto vocal e instrumental acompañante. Equilibrio do conxunto.

Tema 61

Os conxuntos instrumentais a través da historia. Combinacións instrumentais máis empregadas na actualidade.

Tema 62

Agónica e dinámica en función da fidelidade aos textos e a subxectividade do intérprete. Os *tempi* nos diferentes períodos: renacemento, barroco, clásico, romántico e contemporáneo.

Tema 63

Mobilidade escénica. Adaptación ao espazo sonoro. Protocolo de escena.

Tema 64

Desenvolvemento de proxectos interpretativos de composición con linguaxes e estilos diferentes en agrupacións de diferente formato. A coherencia do programa. A selección do repertorio.

Tema 65

A figura do director dunha agrupación musical: comunicación xestual, capacidade de condución, transmisión de ideas coherentes coa interpretación e achega ao resultado final da interpretación.

En Arzúa, 18 de xuño de 2026

O alcalde

Asdo: Xoán Xesús Carril Ramos

2026/4167